



## Programa de Atención ás necesidades básicas de persoas en situación de emerxencia social

Este programa da **Fundación Érguete-Integración** nace ao detectarse unha falla de recursos para a cobertura de necesidades básicas das persoas en situación de emerxencia social. Ante esta realidade, o programa pretende dar cobertura a determinadas necesidades básicas que, de xeito xeral, non están cubertas polos recursos existentes nas distintas cidades de actuación.

### Os eixos de acción son os seguintes:

- Cobertura de alimentación básica. Os recursos existentes nas distintas cidades teñen en consideración proporcionar unha alimentación de primeira necesidade, motivo polo cal existe unha cobertura básica de comedores sociais, pero deixan de lado á necesidade das persoas nesta situación de realizar máis dunha comida quente ao día. O noso programa proporciona un almuerzo quente composto de café ou cacao con leite e galletas pola mañá e proporciona un bocadillo ou alimentos enlatados para cubrir a necesidade da cea.
- Cobertura de artigos de abrigo. Os roupeiros existentes proporcionan roupa básica de abrigo para as persoas en situación de necesidade pero hai dous produtos que resultan complicados de conseguir e que completarian a cobertura de necesidades básicas das persoas en situación de rúa. O noso programa proporciona estas prendas básicas, como son os sacos de durmir para procurar abrigo adecuado e calzado adecuado ás necesidades climáticas.
- Complemento das necesidades de hixiene básicas. As cidades teñen recursos específicos para mellorar as necesidades hixiénicas das persoas nesta situación. Así hai entidades onde poden ducharse, lavar a roupa ou conseguir produtos básicos de hixiene persoal. Pola contra, non se contempla a perruquería como outra das necesidades básicas de hixiene que a persoa non pode cubrir por sí mesma. O noso programa proporciona un servizo básico de perruquería.

Esta iniciativa lévase a cabo a través da subvención cargo á asignación tributaria do 0,7% do IRPF, xestionada pola Consellería de Política Social.

